



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 89/2024

Procedemento: Contratación execucións das obras de “**MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS**”, cofinanciadas por AGADER ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 (DOGA núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024): Nº Expediente: PM24-0113.

Orzamento base de licitación das obras: 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76€.-)

Documento: Certificación existencia de crédito

CERTIFICACIÓN EXISTENCIA DE CRÉDITO

En cumprimento da resolución da alcaldía nº 345/2024 de data 04.07.2024 de iniciación do procedemento de contratación das obras, tras avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 21 de xuño de 2023, a través da cal se solicita informe de Intervención en relación co contrato de execución das obras incluídas no proxecto de “**MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS**”, cofinanciado ao abeiro do Plan marco de mellora de camiños rurais municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (Código procedemento MR701E), aprobado por Resolución da Directora Xeral de Agader do 19 de decembro de 2023, publicada no DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2024, e aos efectos de determinar a existencia de crédito adecuado e suficiente para asumir as obrigas derivadas da presente contratación, emítense o seguinte, **CERTIFICADO:**

Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1531.619 para a contratación das obras incluídas no proxecto de “**MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS**”, cofinanciado ao abeiro do Plan marco de mellora de camiños rurais municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (Código procedemento MR701E), aprobado por Resolución da Directora Xeral de Agader do 19 de decembro de 2023, publicada no DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2024, cuxo orzamento das obras ascende a 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76€), tras a aprobación da modificación de crédito nº 22/2024, na modalidade de xeración de crédito nº 16/2024 por Resolución de Alcaldía nº 295/2024 de data 12.06.2024 e da modificación de crédito nº 23/2024, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións da mesma área de gasto nº 6/2024, por Resolución da Alcaldía nº 294/2024 de 12.06.2024. Con ditas modificacións de crédito tramitouse tamén a correspondente modificación no anexo de investimentos do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024 de conformidade coa base 13ª das de execución do orzamento prorrogadas cara o exercicio 2024:





Concello de Arbo

ANEXO DE INVERSIONS - ORZAMENTO PRORROGADO 2024-							
CAPITULO 6: INVESTIMENTOS REAIS							
				Orzamento total	Transferencia	Préstamo	Recursos
				Investimento	capital		xerais
ARTIGO 61			OUTROS INVESTIMENTOS DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL				
619	2024/0014	1531.619	Mellora e Ampliación en vial de Arbo a Vilar-As Laxas: Plan mellora camiños 24-25 de AGADER	55.231,35	45.645,75		9.585,60

Informar que ditas obras atópanse financiadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución de data 11.06.2024 da Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, notificada ao Concello o día 12.06.2024 (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-1366), pola que se concede a este Concello unha subvención por importe total de 45.645,75 euros, 44.984,59 euros para as obras civís e 661,16 euros para o control de calidade das mesmas, co obxecto do financiamento do investimento de **“MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”**, distribuído nas seguintes anualidades 22.237,70 correspondente a anualidade 2024 e 23.408,05 correspondente a anualidade 2025. O prazo limite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2024 será o 16 de outubro de 2024 ou ben o 11 de decembro de 2024 para aqueles concellos que soliciten unha ampliación do prazo de execución e xustificación nos termos previstos no artigo 15 do anexo I da Resolución pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, e, a anualidade 2025 deberá estar rematada e xustificada a data 30 de maio de 2025. En base a elo, o Concello de Arbo ten que asumir a parte correspondente ao IVE do 21%, non subvencionado, que ascende no que se refire as obras a un total de 9.446,76 euros.

E para que así conste, aos efectos procedentes, expido a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde

Vº e Pª, O alcalde. *Horacio Gil Expósito. Sinatura dixital á marxe.*

A Secretaria-Interventora. *Patricia Hernández Estévez. Sinatura dixital á marxe.*

